

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 3º ED. PRIMARIA

MATERIA:

RELIXIÓN

DEPARTAMENTO:

RELIXIÓN

DATA:

08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	5
4. Información e publicidade	5

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e convida o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.</p> <p>Tomar conciencia de que Deus axuda ao home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forza para vencer o mal. Confiamos en Xesús como El confiou no seu Pai Deus.</p> <p>Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. Ás veces temos fallos, deficiencias, ofensas: pecamos.</p> <p>Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoo ao que se arrepiñe.</p> <p>Coñecer que o home non é como lle gustaría ser. O home necesita que se lle perdoen os seus fallos, as súas malas accións, os seus pecados. Necesita sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrece a salvación aos homes aínda que lle ofenderon. Xesús veu para salvar ao home do pecado.</p> <p>Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amosándonos o camiño, a verdade e a vida. Amósanos o seu amor.</p> <p>Comprender o amor de Xesús. A Xesús seguíronlle moitos, os que viran nel o amor e a bondade de Deus. Outros buscaban como matalo pois o amor e a bondade de Xesús denunciáballes o seu egoísmo e a súa mentira. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou.</p> <p>Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama máis que ninguén e por iso quere que o sigamos e fagamos o que El fai. Tomar conciencia de que Xesús convidanos a seguilo e a ser o seu discípulo. Seguir a Xesús é imitalle en todo o que el fixo, anunciar o seu Evanxeo, vivir todos como irmáns amándonos e celebrar a Eucaristía dándolle grazas e ofrecéndolle o que facemos.</p> <p>Valorar que na comunidade dos discípulos de Xesús, a Igrexa, vívese como irmáns. Saber que o Espírito Santo produce nos cristiáns os froitos do amor, a alegría, a paz, a bondade e a fidelidade e a unidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe. • Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...) • Sabe que necesita confiar no Señor para vencer o mal. • Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao home. • Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre as súas milagres, a súa morte e resurrección. • Comprende e é capaz de explicar que quen une aos membros da Igrexa é o Espírito Santo. • Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Paulo) o cambio que lles produciu atoparse con Xesús. • Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus. • Coñece e relaciona os sacramentos da Reconciliación. • Sabe que o Espírito Santo axúdanos a coñecer a Xesús e dános forzas para seguilo e ser testemuñas súas. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo. ▪ Fundamenta o sentido do mandamento do amor como ensina Xesús. ▪ Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor. ▪ Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos. ▪ Sabe explicar o significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.

<p>Saber que a Igrexa perdoa os pecados no nome de Deus. Comprender que igual que somos perdoados tamén nós debemos perdoar e ser misericordiosos. Polo sacramento da Penitencia a Igrexa perdóanos no nome de Deus.</p> <p>Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O próximo é calquera persoa que se achega a aquel que necesita axuda, o próximo é calquera persoa necesitada. Xesús acláranolo coa parábola do Samaritano. O amor de Xesús non exclúe nin sequera os inimigos. A caridade e o amor é o máis excelente dos dons de Deus. Polo amor coñecerase aos discípulos de Xesús.</p> <p>Orientar o sentido último da vida como plenitude do encontro con Deus. Porque a morte non é o final de todo. Para o cristián a morte significa o encontro definitivo con Xesucristo resucitado e vivo para sempre.</p>	
---	--

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise das producións e traballos do alumnado, é dicir, das tarefas escritas realizadas polo alumnado.
	Instrumentos: Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
Cualificación final	Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cada 15 días aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizouse unha planificación da materia con envío de actividades de repaso e reforzo dos contidos previamente traballados. As distintas actividades estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para aquel alumnado que teña problemas de conectividade, farase unha coordinación co equipo directivo, para que se lle entreguen as actividades e os recursos necesarios para que poida, na maneira do posible, continuar co desenvolvemento da súa aprendizaxe.
Materiais e recursos	Fichas seleccionadas previamente pola docente.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico.
Publicidade	Páxina web do centro.

